Trasalba 15 do Nadal de 64

Sr. Dr. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido e admirado amigo:

Vai miña aperta co desexo de moitas fondas e calmas horas lembradizas pra Vde e sua dona - b. s. p. - e fillas, e cos memorias moi afervoadas de Fita, nas Festas do Nadal e Aninovo. Coidaba pousar eiquí descoidado cos vellos libros e ista groria do sol nos rubros arboredos. Pro xa o dazaoito teño de falar en Artesanos da Cruña sobre Dn Eladio Rodríguez González, meu bó amigo de outro tempo. Agás da labouro do Diccionario e das gabanzas das videiras de Leiro e a luz herculina vónme ver apurado de habilidás

¡Quen me dera tê-lo a Vde eiquí, comentando a sua Historia da nosa Literatura!. Son as XI da noite. Sei que anda o luar atontiñando nas airas, na fonte, no xardín. A casa durme inmersa en vasta calma..

Sempre vello amigo

Ramón Otero Pedrayo

1179